

José Ramón Fernández Ojea e a aplicación da música popular nas escolas

Xosé FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo

O documento que se ofrece a continuación, titulado “El canto regional en las escuelas”, é obra do polígrafo ourensán José Ramón Fernández Ojea (Ramón era o seu primeiro apelido e Ojea aparece tamén como Oxea e Ogea en distintas publicacións que nós respectamos), quizais máis coñecido co pseudónimo respectuoso de Ben-Cho-Shey¹. Foi un mestre e inspector de ensino primario comprometido coa transformación educativa de Galicia seguindo os principios innovadores e renovadores da pedagogía contemporánea e demandando a promulgación de normas lexislativas que autorizasen o bilingüismo nas nosas escolas. Levaba o galeguismo e a música nas veas, ata o punto de que nada máis escoitar unha gaita se puña a bailar.

Formación e actividade profesional dun home profundamente galeguista

O noso home nace en Ourense o 5 de abril de 1896 nunha familia de cinco fillos, moi poucos anos despois dunha serie de personaxes relevantes no ámbito do galeguismo, tal como se recolle no Rexistro Civil da década de 1880 e cos que necesariamente mantivo algunha relación máis ou menos estreita compartindo ideas, espazos, traballos e tempo de lecer. Entre eses persoeiros, por citar uns poucos, cabe mencionar a Antón Villar Ponte (1881-1936), creador do periodismo galego e das Irmandades da Fala; os profesores e amigos ourensáns Antón Losada Diéguez e Vicente Risco, nados en 1884; Florentino López Cuevillas, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Johán Vicente Viqueira, en 1886; e xa, por último, Ramón Otero Pedrayo, en 1888. Mesmo, con Risco e Otero, en 1927 foi compañeiro dunha peregrinaxe ao antiquísimo santuario de santo André de Teixido, camiñada que lles permitiu auscultaren unha parte enxebre do territorio galego que vai dende Ourense ás terras de Cariño, nas que Ben-Cho-Shey permaneceu algún tempo breve de mestre e das que recolleu determinados aspectos relacionados co folclore e que chegou a publicar en *La Voz de Ortigueira*².

¹ José Ramón y Fernández Ojea, “El canto regional en las escuelas”, Biblioteca Deputación Provincial de Ourense, Arquivo BCS, Sección Pedagogía-Ensino, Caixa 66.

² Ramón Otero Pedrayo, *Pelerinaxes I* (A Coruña: Nós, 1929). Obra publicada na imprenta Nós cando estaba na rúa Real, 30-1º da Coruña. Nesta longa viaxe, durmindo nas pousadas da aldea, pasaron por Viana, Monterroso, Palas de Rei, Lugo, Vilalba, As Pontes de García Rodríguez e Ortigueira. Conta

Tampouco debemos esquecernos do influxo familiar. José Ramón era fillo de Pío Ramón, un coñecido profesor da cidade das Burgas que impartía clases como auxiliar de letras na Escola Normal de Ourense, organismo en que tamén adoitaba ocupar o cargo de secretario durante a tempada estival, compartindo esta actividade coa dirección do colexio privado San José de Calasanz, en que cursou os primeiros estudos o cativo José Ramón. Ademais, Pío Ramón era membro das Irmandades da Fala e foi un dos asinantes das actas da Asemblea Nacionalista de Lugo, en 1918, ano en que o seu fillo se incorpora precisamente a filas como radiotelegrafista oficial –título conseguido con grande éxito nos exames correspondentes–; chegou a exercer o cargo de cabo primeiramente e sarxento despois e tivo como un dos destinos a cidade de Melilla. De por parte, don Pío estaba ao tanto dos principios pedagóxicos da ILE e mesmo tivo certa relación con algún dos seus líderes. Existe unha carta remitida por Manuel Bartolomé Cossío aos mestres e mestras de Ourense, datada en Betanzos o 16 de agosto de 1912 con motivo de asistir a unha asemblea informativa onde se tratasen os problemas do ensino que afectaban de forma particular a esta provincia, á que finalmente non puido acudir e que se celebrou no Paraninfo do Instituto o 25 de agosto de 1912³. Desa xuntanza, da que se tirou unha serie de conclusións que afectaban á escola ourensá, Pío Ramón Oxea era o principal impulsor xunto co mestre da Normal Basilio Carmona, Luís Soto Menor e José María González, ademais de ser o director do *Boletín del Magisterio* (1906-1912), medio que informaba das principais novidades pedagóxicas e lexislativas ao corpo do Maxisterio cando a provincia estaba tan necesitada de instrución e cultura, de mestres e escolas que se reflectían nuns índices de analfabetismo e falta de asistencia escolar tremendamente preocupantes. Cargos desempeñados aos que cabe engadir o ser o fundador da Asociación Provincial do Maxisterio de Ourense e portavoz do Partido Galeguista na deputación provincial entre 1934 e 1936.

Mais, centrándonos xa na formación académica e pedagóxica de Ben Cho Shey, home consecuente que mantivo un compromiso perenne co galeguismo dende os seus anos mozos ata a súa morte, digamos que cursou o bacharelato no Instituto Provincial de Ourense entre 1906 e 1912 e en 1915 aprobou a reválida de mestre de Primeira Ensinanza con premio extraordinario. O amor por Galicia

cun interesante prólogo a cargo do profesor da Escola de Maxisterio de Ourense, Vicente Risco, que cita a escola *Satyâgraha Ashram* de Gandhi na India, a Rousseau, Huysmans e de como destas camiñadas se pode tirar proveito científico e fomentar o amor á terra. Foi reproducida en formato facsimilar por Edicións do Castro en 1993.

³ A carta de Cossío foi lida aos asistentes polo mestre organizador do evento José M.^a González e nela reclamábanse para a provincia ourensá, entre outras cousas, “Escuelas, muchas escuelas; porque si, a veces las pocas que hoy hay están vacías es porque el padre, con razón, las haya inútiles, el niño ingratas, ambos difíciles” e “muchos y buenos maestros”. Véxase “Los maestros gallegos. El mitin celebrado en el Paraninfo del Instituto”, *Boletín del Magisterio*, Ourense, no. 254 (5-9-2012): 1-2. Tamén se fai referencia a esta carta en Antón Costa Rico, *A reforma da educación (1906-1936)*. X. V. Viqueira e a historia da *Psicopedagogía en Galicia* (A Coruña: Edicións do Castro, 1996), 34 e 35.

axiña emerxe no personaxe sendo mozo. En 1918 xa comeza a publicar n' *O Tío Marcos d' a Portela*, para deseguido continuar no diario agrario *La Zarpa*, *Diario de Vigo*, entre moitos outros onde fala dalgunhas cuestións educativas como a ensinanza da historia, a ximnasia nas escolas ou terza opinando dende *El Pueblo Gallego* sobre “A fala galega”, ante a necesidade de consensuar unhas normas de uso deste idioma que facilitarían a súa aplicación en ámbitos tan precisados como era á súa consideración no ensino.

En 1925, tras causar baixa no Batallón de Radiotelegrafía de Campaña por corresponderlle o licenciamento e obter en 1923 o título de mestre nacional na Escola Superior de Maxisterio de Madrid con sobresaliente e premio extraordinario, supera a oposición de Maxisterio cun primeiro destino na escola de nenos de Cariño, onde substitúe a outro importante membro das Irmandades da Fala, o mestre e poeta Vitoriano Taibo que neses anos debatía cuestións sobre as normas ortográficas que debían rexer na “uniformación” do idioma galego no espazo habilitado para tal fin, “Tribúa Aberta. A fala galega”, do xornal *El Pueblo Gallego*⁴. Diario vigués que continuaba, así, a andaina emprendida nos primeiros debates insinuados no voceiro nacionalista *A Nosa Terra* en 1919 sobre os criterios que cumpría seguir na unificación ortográfica, terreo en que tamén o mestre ourensán Ben-Cho-Shey deu as súas opinións. Nesta estadia no cabo do Ortegal recompila os seus primeiros traballos sobre a etnografía. Ao ano seguinte pasa á escola unitaria de Santa Marta de Moreiras (O Pereiro de Aguiar), destino que lle permite coñecer dúas realidades distintas, como diría el, a mariña e a Galicia rural do interior, sobre as que realizou dúas interesantes memorias que presentou no acceso á Inspección Educativa seguindo as bases requiridas conforme o goberno da IIª República⁵.

Entre 1927-1930 cursa estudos na Sección de Xordomudos e Cegos na Escola Superior de Maxisterio, onde chega a facer algún traballo sobre a educación especial de cegos e a realizar como exercicio práctico a aplicación do método de Binet e Simon. Esta sección funcionaba xunto coas de Ciencias, Letras e Labores e durante o ano común compartían as materias de Pedagogía, Fisioloxía, Paidoloxía, Pedagogía de Anormais, Psicoloxía e Debuxo. Nesta institución madrileña impartían clases profesores relevantes debidamente seleccionados como Luis de Hoyos Sáinz, José Rogelio Sánchez, Rufino Blanco Sánchez, Domingo Barnés, Jacobo Orellana, Rafaela R. Placer e María Luisa Navarro, entre outros. Como alumno puido visitar o “Grupo Escolar Cervantes” que xunto co “Príncipe de Asturias” eran modelo de organización de ensinanza graduada e contaban tamén cunha sección de Educación Especial. Neles había unha ampla liberdade de horarios e programas. Cursando estes estudos, en 1928, ano en que

⁴ Nestes debates participaron, entre outros, Leandro Carré, Victoriano Taibo, Johán Carballeira, Vicente Risco, Fermín Bouza Brey, Xaquín Lorenzo, X. Bal e Gay, J. de Loira e Evaristo Correa Calderón. Desevolvéronse con distinta intensidade especialmente entre os anos 1925 e 1929.

⁵ Carmen Benso Calvo e Xosé Fernández Fernández, “José Ramón Fernández-Ojea, mestre. Memoria do seu paso por dúas escolas galegas”, *Sarmiento*, no. 6 (2006): 277-287.

ingresa tamén no Seminario de Estudos Galegos, é bolseiro polas deputacións de Ourense e Pontevedra para visitar as escolas máis destacadas de Francia e Bélxica, países europeos que lle permiten observar as experiencias levadas a cabo en establecementos de ensinanza primaria, de nenos anormais mentais e físicos, institucións para xordomudos e para cegos. Experiencias do visto, oído e vivido que, tal como relata na memoria realizada ao respecto, o impresionaron ao mesmo tempo que lle causaron certa tristeza ao ver o adianto pedagóxico destes países onde se ensinaba con métodos activos inspirados en María Montessori e Decroly, en comparación co atraso en que se achaba a aprendizaxe en Galicia⁶.

Xa na IIª República, en 1934, aproba a oposición de Inspector de Ensino Primario e obtén destino en Lugo, cidade onde reside no n.º 18 da rúa Santiago. De aquí sería trasladado a Cáceres en 1937 e previamente suspendido de emprego e soldo durante tres meses, por ser presidente do Partido Galeguista daquela cidade dende 1936, cos cargos de “ser galeguista” e “participar en actos políticos de izquierda”. Cargo imputado de “ser galeguista” que nunca negou, ni tan sequera no prego de descargos. Alí reside no número 15 da rúa de Moret e agora tócalle a el informar expedientes depurativos feitos a mestres. Responsabilidade que realiza con cautela, procurando non prexudicalos xamais na súa carreira profesional. Tamén informa sobre os problemas educativos desta provincia: “El estado de la enseñanza en esta zona de mi cargo es normal, en cuanto se refiere al comportamiento de los Sres. maestros, que se esfuerzan en el cumplimiento de su deber pese a las dificultades con que empiezan en el desarrollo de su labor y que son los siguientes: falta de asistencia de los niños, falta de colaboración de los Ayuntamientos y la escasez de material escolar”⁷. Como inspector foi sempre un gran defensor dos dereitos dos mestres e mestras porque, como el apuntaba en certa ocasión, “entre inspectores y maestros más que la distancia de superior a inferior hay la cordialidad del amigo y del compañero”.

Deseguido, en virtude da Orde ministerial do 26 de setembro de 1951 (*BOE* do 25 de outubro) pola que resolve o concurso de traslados de inspectores, adjudícaselle con carácter definitivo unha praza na provincia de Toledo, onde se xubila en 1967. Exercendo nesta provincia, en 1956, por primeira vez, estivo á fronte do posto da Editorial Galaxia na Feira Nacional do Libro, en Madrid, cidade onde residía no andar primeiro do número 72 da rúa Martín de los Heros e mantiña contactos co Centro Galego, localizado no terceiro andar do número 14 da rúa Carretas. Durante esta estada súa na capital de España foi un soporte importante para o galeguismo da emigración e grupos literarios como Brais Pinto. Nesta cidade morre o 2 de maio de 1988 e os seus restos foron trasladados días

⁶ O proxecto e a memoria sobre as experiencias vividas na ensinanza de anormais durante súa estada de estudos en Francia e a Bélxica gárdase inédita na Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense, Arquivo BCS, Sección Pedagogía-Ensino, Caixa 66.

⁷ Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense, Arquivo BCS, Sección Ensino-Inspección de Ensino, Caixa 62.

despois ao cemiterio de San Francisco de Ourense. Así mesmo, como un dos máis grandes amantes e investigadores da festa dos Maios, todos os anos viña dende Madrid para visitar esta festa en Pontevedra, Marín, Poio, Vilagarcía e Caldas o día primeiro de maio, e o día 3 en Ourense⁸. Algunhas desas imaxes e experiencias de varios anos formaron parte dunha conferencia pronunciada en galego na Coruña, no outono de 1971, dentro dun ciclo temático sobre Galicia.⁹

Consideracións relativas ao traballo sobre o canto rexional nas escolas

O traballo titulado “El canto regional en las escuelas” está escrito en vinte e tres cuartillas mecanografiadas e custodiadas na Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense, organismo que conserva o seu arquivo particular xunto aos de Alberto Vilanova, Álvaro de las Casas, Benito Fernández Alonso, Manuel Albendea Gómez de Aranda, Eduardo Blanco Amor, Alonso Montero e as irmás Pura e Dora Vázquez, entre algúns outros. Pese a amar tanto o seu autor á lingua galega, está redactado en castelán polas circunstancias políticas do momento de sobra coñecidas, agás as cantigas que se transcriben segundo foron recollidas da boca da xente e o seu falar procedente da oralidade, cando non existía ningún tipo de fixación na escrita. O traballo ten o mérito de ser presentado como un relatorio ao solemne Congreso Pedagóxico Rexional celebrado na cidade da Coruña en outubro 1926, coincidindo coa implantación da Festa do Mestre, que se establecera mediante o Real decreto do 26 de marzo de 1926 e que fixaba a súa celebración na data do 1 de outubro de cada ano. Neste caso os actos clausuráranse o día 12 de outubro, Día da Festa da Raza. Fomentar congresos rexionais estaba dentro dos plans da política do goberno primorriverista e no caso concreto deste realizado en Galicia daba continuidade a outro organizado sobre a economía galega o ano anterior en Lugo e do que aínda se tiraran algunhas conclusións verbo da situación do ensino na nosa terra en temas espiñentos como a necesaria creación de escolas e o fomento da asistencia escolar.

Malia o matiz rexional que se lle pretendía dar, houbo algunhas comunicacións en que se abordaban os problemas privativos da escola galega que non se puideron tratar. Entre elas estaba o emprego do canto rexional nas escolas presentada polo mestre Ben-Cho-Shey, corresponsal de *La Zarpa*, outra sobre a adaptación da escola galega ao seu medio natural e social e unha terceira en que se abordaba a necesidade de ensinar en galego mediante un plan pedagóxico establecido por Vicente Risco, profesor e daquela director accidental da Escola Normal de Ourense, ademais de ser destacado teórico do nacionalismo galego¹⁰. Relatorios seguramente beneficiosos por canto estaban pensados fundamentalmente para o

⁸ José Paz Rodríguez, “Os ‘maios’ festa do amor”, *La Región*, 3/5/2006, 21.

⁹ Xosé Ramón e Fernández Ojea, “Ciclo ‘Galicia’. Vellas tradicións da nosa Galicia: os maios” (A Coruña: Club de Dirigentes de Empresa-Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación, 29 de outono de 1971).

¹⁰ Xosé Fernández Fernández, *Vicente Risco. Mestre de mestres* (Ourense: Deputación Provincial-Fundación Vicente Risco, 1914), 157-189.

seu desenvolvemento na escola rural á que acudía a inmensa maioría dos nenos e nenas de Galicia e que eran monolingües polas limitacións do seu hábitat. Non se puideron ler por impedimento das autoridades adictas ao réxime do xeneral Primo de Rivera, supoñemos –as razón exactas non se citan– que debido a considerar que podían atentar contra os ideais políticos da época sobre a familia, a relixión, a patria, o idioma e a unidade nacional.

Nin o seu aparentemente inofensivo título, “El canto regional”, nin estar o texto escrito en castelán por un autor que tanto amaba a lingua galega –deixou escrito que na súa lápida o epitafio figurase nesta lingua– foron suficientes para darlle o visto e prace por parte da comisión responsable do evento. Ben seguro que foi a súa aplicación “en las escuelas” o motivo fundamental de rexeitamento nun contexto político centralizador e controlador, e especialmente sensible cos ideais que se transmiten a través do ensino. Pois noutros eidos culturais se viñan tolerando estudos de campo con este tipo de materiais realizados no terreo do folclore ou etnográfico, entre os que tamén figuraba o estudo do cantigueiro popular en que predominan procesos psicolóxicos de ledicia, mágoa, frustración, dor de ausencia, celos, sentimento lírico, melancolía, saudade, tenrura, sarcasmo, con fondas raizames na etnia galega e que tan ben chegou a analizar outro docente ourensán, Xoaquín Lorenzo Fernández. Actitude permisiva talmente reflectida no labor que estaba realizando un grupo de intelectuais dende a plataforma do Seminario de Estudos Galegos ou dende a propia revista *Nós*, que seguiron funcionado baixo a atenta mirada da censura, por tirar dous exemplos próximos no espazo e no tempo ao personaxe tratado.

Sen dúbida, para o autor das Burgas o canto que máis penetra na alma é o canto rexional, por iso esta forma é a que máis deben cultivar os mestres e as mestras. Aínda que se centra en Galicia por razón obvias, a súa proposta podería ser extensible perfectamente ao conxunto do resto de España onde abundan rexións ou comunidades autónomas con este tipo de cantos. Vexamos, a modo de entrecolleita: Cataluña posúe as súas “sardanas”, Valencia o seu baile “chaquera”, Aragón a súa “jota”, os alacantinos os seus “cantos de trilla”, os andaluces o seu “cante jondo”, Castela e León os seus cantos de berce, os vascos o seu baile popular tradicional expresado nas oitavas do “zortziko” e Galicia a súa muiñeira xunto coa conmovedora melodía dos alalás da que o canto popular provoca unha profunda sensación.

Probablemente o meirande valor que co emprego da música popular se transmita aos nenos e nenas das escolas de Galicia sexa o galeguismo que se poida inculcar con ela, especialmente se as formas proceden dunha selección feita con esmero por mestres comprometidos coa cultura e saberes da súa terra. Valores presentes de forma parecida no plano pedagóxico para a galeguización da escola de Risco, defensor de introducir no ensino aspectos da cultura oral e tradicional que o alumnado xa traía consigo e que el traballou nas súas clases como mestre de mestres por tres razóns fundamentais: a primeira consiste en que

motivaban a aprendizaxe ao partir do próximo, do coñecido, correspondéndose co recomendado polas correntes pedagóxicas modernas; a segunda, de acordo tamén con eses movementos pedagóxicos, porque permiten introducir novas materias e metodoloxías no ensino rachando con aquelas fixadas dende a época da Restauración; e a terceira, con eles aprendíase ao mesmo tempo a valorar e respectar as cousas do país, a exaltación da nacionalidade e a procura do auténtico e do propio. É dicir, a facer patria. Por iso Risco cando fala da galeguización da escola considera a necesidade de tratar tamén a música popular (xunto cos traballos manuais, a ximnasia...) e remite para ese asunto a este proxecto do seu colega Ben-Cho-Shey presentado ao citado congreso coruñés, por considerar que era o docente que mellor podía tratar este tema¹¹.

Fiando co anterior, os motivos que segundo o propio Risco impiden tratar estes contidos relacionados co galeguismo van referidos á falta de liberdade de cátedra no maxisterio oficial, polo que os escolantes do Estado non podían, aínda que tivesen vontade, introducir novidades neste sentido. Polo tanto, onde se podía unicamente facer cousas era nas escolas particulares, iniciativas que tamén afectaban aos materiais curriculares, de aí que as Irmandades da Fala da Coruña tivesen interese en publicar libríños elementais de xeografía e historia de Galicia, gramática, vocabulario castelán-galego etc. Pois a liberdade de cátedra encontrou de inmediato as limitacións do Réxime. Unha real orde do 13 de outubro de 1925 definía como a Ditadura entendía a liberdade dos profesores, recollendo que os docentes que exercían na ensinanza pública eran invitados a “dar exemplo paladino de virtudes cívicas dentro y fuera de las aulas”. Aos reitores indicábaselles que vixiaran coidadosamente “acerca de las doctrinas antisociales o contra la unidad de la patria”.

Despois do citado congreso nada se soubo da continuidade deste proxecto de Ben-Cho-Shey. Feito que corrobora o dito de que na escola pública pouco ou nada se podía facer en cuestión de galeguismo por mor do control estatal ao que estaban sometidos os profesionais do ensino. Talvez cando Galicia fose autónoma a cousa podería cambiar¹². Mentres todo quedaba en man de docentes desinteresados e dalgunha iniciativa particular coma foi o caso da “Escolas do Insiño Galego” que funcionou durante seis anos (1924-1930) na Coruña, cunha asistencia moi limitada e con clases impartidas polo esforzado irmandiño Ánxel Casal, benfeitor da revista *Nós* e que chegaría a ser alcalde de Santiago durante algún breve tempo, tristemente asasinado como tantas outras persoas comprometidas con Galicia nada máis producirse a chegada da guerra que anticipaba tempos convulsos.

Sexa como for, o congreso resultou ser un gran momento perdido para poder tratar problemas de transcendencia para o Maxisterio e dar a coñecer estas iniciativas novas e alentadoras entre os numerosos mestres e autoridades presentes

¹¹ *Ibidem*, 206-2014.

¹² Vicente Risco, “A Galeguización da Escola”, *A Fouce*, no. 29 (1/3/1931).

de dentro e fóra de Galicia. A súa relevancia púxose de manifesto no feito de ser seguido durante unha semana polos xornais de distintas localidades e ideoloxías coas súas respectivas queixas por parte dalgúns deles: *A Nosa Terra*, *El Noroeste*, *La Región*, *El Ideal Gallego*, *La Voz de Galicia*, *La Zarpa*, e *El Pueblo Gallego*, entre outros.

Non obstante, Ben-Cho-Shey dinos, para o interese da pedagogía, canto de proveito ten o emprego dos cantos populares que cada rexión ten de seu e como estes se poden utilizar na aprendizaxe. Pódese dicir que foi un dos poucos galeguistas que se mergullou no tema con certo rigor. Viqueira puxera énfase tamén neste tema, mais a súa morte prematura, acontecida en 1924, cando contaba con 38 anos de idade, privouno seguramente de seguir profundando neste asunto coma en tantos outros.

Por outra banda, en consonancia con cantar en galego está tamén falar en galego. Neste ámbito Ben-Cho-Shey considerou sempre que os nenos deben educarse, na primeira ensinanza polo menos, no seu idioma natural, tal como recomendaban os pedagogos e congresos internacionais. A ese respecto, sinala nun artigo publicado en 1957 na revista *Galicia* do Centro Galego de Bos Aires de que “es elemental que las enseñanzas de los idiomas deben hacerse a través de la lengua materna y, si los niños gallegos no saben el castellano, lo primero que hay que hacer es enseñárselo, pero siempre valiéndose de los conocimientos lingüísticos del niño. De no hacerlo así éste adquirirá la técnica de la lectura de un modo mecánico y llegará a leer el castellano sin enterarse de lo que lee”¹³. Como talmente así acontecía cos nenos e nenas das aldeas que segundo moitos mestres da época lían perfectamente o castelán, sen saber ou comprender nada do que lían. Ademais, para pensar en galego non hai máis camiño que falar e escribir en galego. Todo o demais será pensar no idioma que cada quen prefira usar¹⁴. Situación que tamén lles afectaba aos estudantes que cursaban bacharelato, que tiñan un vocabulario castelán limitadísimo, cheo de barbarismos e unha sintaxe enxebremente galega. Mesmo o profesor Filgueira Valverde chegou a notar que os seus alumnos pontevedreses, de cuarto e quinto, non se decataban da maior parte das explicacións porque non entendían o castelán¹⁵.

Para pór en práctica o dito e axudar nesta tarefa pedagóxica a nenos e escolantes, o propio Ben-Cho-Shey comprometeuse confeccionando un *Catón galego*, que tiña preparado en 1936, pero que sería publicado moi posteriormente por Edicións do Castro, en 1969, con cuberta de Luís Seoane. Manual escolar de primeiras letras que dedica a todos os nenos e escolantes galegos, pois, como el di na súa presentación, aínda que somos un país bilingüe, en Galicia o galego

¹³ José Ramón Fernández Oxea, “Enseñanzas. Los niños gallegos”, *Galicia, revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, no. 494 (marzo-abril de 1957): 5.

¹⁴ José Ramón Fernández, “Pensar en galego”, *La Noche*, 22/11/1948.

¹⁵ Ben-Cho-Shey, “O lingoaxe nas escolas”, *A Nosa Terra* (20-12-1935): 3.

Prá mór parte de nós é a nosa lingua materna. E como tódolos pedagogos de tódolos tempos aconsellan o emprego da lingua materna no ensino dos nenos, para que iste postulado pedagógico se podía cumprir e levar a termo en Galicia compuxemos iste método de lectura pensando nos cativos e nos escolantes galegos ou que exercen o seu maxisterio na nosa terra, para que de agora en diante dispoñan dun instrumento que lles sirva a iste propósito.

Era o segundo destas características tras o *Método de lectura* da mestra Josefa Iglesias Vilarelle, editado polas Publicacións Escolares do Seminario de Estudos Galegos en 1932, unha das poucas mulleres pertencentes ao galeguismo de preguerra que tivo certa relevancia na actividade política pública do nacionalismo. Escrito enteiramente en galego, o manual do ourensán principia co ensino das vogais e consoantes, pasando logo a frases con significado coñecido para os rapaces. Fiel á música popular, inclúe “Cantos de Aninovo”, “Cantos de Reises” (recollido do volume *Terra de Melide*), cantigas de Curros Enríquez, Rosalía de Castro, panxoliñas etc. Recolle unha moi coñecida nana popular que reproducimos a continuación:

Dúrmete meu neno,
que ehí ven o cocón
pra comelos nenos
que non dormen, non.

Mesmamente, entre a documentación persoal de Ben-Cho-Shey, que se garda na Biblioteca da Deputación de Ourense, consérvanse precisamente varios sobres con panxoliñas de poesía popular, ademais doutras poesías escritas en galego durante o franquismo de autores pouco coñecidos: M. Pereiro Muíño, Manoel Alexandro, Xoel Ferral, M.^a Luz Rey Cascallar e Carballo Calero, entre outros documentos de poemarios e cantigas redactadas tamén polo propio autor. A isto súmase a existencia de numerosas tarxetas de felicitacións de Nadal cheas de enxebrismo que Ben-Cho-Shey colleccionaba escrupulosamente, con personaxes infantís de protagonistas, en moitas das cales os nenos e as nenas aparecen vestidos con traxe rexional e tocando algún instrumento de música popular do noso país.

Aténdonos xa ao que é o contido do traballo en si, “El canto regional en las escuelas”, o autor comeza xustificando o porqué do que está a planear. A razón non é outra que partir do novo concepto da educación introducido na pedagogía contemporánea que, como xa comentamos, deixaba atrás os desfasados principios educativos tradicionais baseados no enciclopedismo e no memorismo, afastados da vida activa dos nenos e nenas e centrados na repetición dos libros de texto. A escola que existía nas últimas décadas do século XIX, tanto a pública como a privada, era herdeira dunha aprendizaxe baseada nos principios de autoridade e na obediencia cega á palabra do mestre, mentres os alumnos permanecían en silencio, agás que se lles solicitase a súa participación. O material usado viña confeccionado dende fóra da institución escolar, que estaba ao servizo dunha instrución rodeada dunha disciplina moi rixida que correspondía ao coñecido dito de que “a letra con sangue entra”.

Fronte a esta maneira de ensinar xorden os partidarios dunha escola activa que planean un modelo didáctico e educativo que pouco tiña que ver co sinalado. Aparece unha nova concepción do mestre, que pasa a desempeñar novos roles, como o de ser un coordinador de actividades, un orientador e motivador, mentres que os nenos se converten agora en figuras clave ao redor dos que xira todo o proceso do ensino-aprendizaxe. A este novo modelo súmanse os cambios producidos nos libros de texto, que non existen como tales, senón que dan pautas de traballo e de actividade, e, cunha programación previa, profesorado e alumnado van construíndo conxuntamente os contidos a partir dos intereses e motivacións dos propios rapaces. Esta nova visión da aprendizaxe vén propiciada por unha longa lista de institucións e movementos educativos renovadores que se opuxeron na súa época á educación vixente. Nesa listaxe aparecen autores tan destacados como Rabelais, Dewey, Montaigne, Reddie, Herbart, Comenio, Locke, Rousseau, Pestalozzi, Decroly, Froebel, Tolstoi, Montessori, Dalton, Winnetka, Claparède, Ferrière, Washburne, Cousinet e Kilpatrick, por citar algúns dos máis representativos. Paralelamente irán emerxendo correntes innovadoras e renovadoras cos nomes de *Escola Moderna*, *do Traballo*, *Activa* ou *Nova*, que contaban con experiencias noutros países europeos e americanos dende finais do século XIX e primeiros anos do vinte. España e Galicia non permaneceron tampouco alleas aos seus predicamentos.

Numerosos mestres de primeiro ensino participaron na reforma da escola española, especialmente aqueles que mantiveron unha relación destacada coa Institución Libre de Ensinanza e o movemento da Escola Nova, ambas coincidentes na maioría dos seus principios. Precisamente dentro do ideario da Escola Nova estaba basearse nos feitos e nas experiencias, recorrer á actividade e espontaneidade do neno, apostar pola introdución de materias como a educación artística e moral, a música, a educación física, os traballos manuais, o excursionismo e a estimulación de actividades libres, así como polas viaxes a pé debidamente programadas para realizar traballos de campo. Como sinal destes contactos, o propio Ben-Cho-Shey, noutro manuscrito, que se conserva tamén no seu arquivo da biblioteca provincial ourensá, contempla a necesidade de tratar os traballos manuais nas escolas¹⁶. Feito para o que recorre pedagoxicamente á obra *Gargantúa*, de Rabelais, na que se simultanean exercicios corporais co traballo manual; a Comenio, que fala do gusto que senten os nenos por traballar en barro e madeira; a Locke, que concede unha grande importancia ao traballo agrícola e á madeira; a Rousseau, Montaigne, Basedow, Salzman e Pestalozzi. Sobre todo cita a Froebel, por considerar que foi a partir del cando os traballos manuais colleron importancia na ensinanza moderna. Modalidade en que se distinguiron especialmente as nacións do norte de Europa: Finlandia foi o primeiro país que as introduciu na súa lei de Instrución pública, Suecia contaba coas escolas de Nääs en Gotemburgo e o Instituto de Palmgen

